

ACTA DA ASEMBLEA ORDINARIA DA COORDINADORA DE TRABALLADORAS E TRABALLADORES DE NORMALIZACIÓN DA LINGUA (CTNL)

LUGAR: Sala Circular do Auditorio de Galicia (avda. do Burgo das Nacións, s/n, Santiago de Compostela)

DATA: sábado, 4 de marzo de 2023

HORA DE COMEZO: 10.45 h

HORA DE REMATE: 14.00 h

NÚM. DE ASISTENTES: 11 persoas

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación da acta da asemblea anterior
2. Admisión de novas/os socias/os e ratificación de baixas
3. Exposición, debate e aprobación do informe de xestión
4. Exposición, debate e aprobación do informe de contas
5. Exposición, debate e aprobación do plan de acción para o próximo exercicio
- 6. Presentación e aprobación da suba das cotas de socios/as (punto incluído na orde do día)**
7. Presentación e aprobación do orzamento para o vindeiro exercicio
8. Rolda aberta de intervencións

DELIBERACIÓNS

1. Lectura e aprobación da acta da asemblea anterior

A secretaria, Mónica Fernández, somete a votación a aprobación da acta da asemblea do ano 2022 ([Anexo 1](#)) e esta apróbbase por unanimidade.

2. Admisión de novas/os socias/os e ratificación de baixas

Inma Seage explica que durante o período interassemblear 2022-2023 se rexistraron tres solicitudes de alta. Neste mesmo período rexistráronse 4 baixas.

O número de socias/os da CTNL en marzo de 2023 é de 159 persoas.

Vótase e apróbbase por unanimidade a proposta de altas e baixas presentada pola directiva.

3. Exposición, debate e aprobación do informe de xestión

A presidenta, Anxos Sobriño, presenta, comenta e somete a avaliación o informe/memoria de xestión correspondente ao período 2022-23. ([Anexo 2](#))

O plan de acción aprobado non se cumpriu na súa totalidade, pois foi necesario dar prioridade ás accións máis asentadas ou con certa urxencia mais si se levaron a cabo as actividades que se consideraron prioritarias. Desenvolvéronse accións de xestión cotiá da asociación (defensa de intereses dos/das traballadores/as de normalización da lingua, propostas para mellorar o traballo en lingua etc.) e as máis estabilizadas e que supuñan continuidade dos anos anteriores (encontros, colaboracións, formación, LGx15, Agasallo, Premios Mil Primavera etc.).

Houbo outras **actividades** que quedaron **pendentes**: non se finalizou a elaboración dunha proposta de temario específico para procesos selectivos, con modelos de probas prácticas, nin se modificou o web da CTNL, nin se organizou un acto presencial para celebrar os 25 anos da CTNL.

En definitiva, desenvolveuse unha actividade satisfactoria, dentro das posibilidades e dos recursos materiais e humanos, para procurar mellorar o discurso e o traballo a prol da lingua e a formación e as condicións das traballadoras e traballadores.

Máis polo miúdo fomos tratando os diferentes bloques:

1. Defensa dos intereses xerais dos traballadores e traballadoras: continuouse coa difusión das convocatorias de prazas; fixéronse solicitudes e alegacións na procura de mellorar as condicións laborais e seguimento das axudas convocadas polas deputacións e a Xunta. Tamén informamos do proceso de estabilización que se está a levar a cabo nas administracións ao abeiro da Lei 20/2021 e que afecta a 53 prazas de lingua.

En relación co proceso de estabilización, a presidenta mencionou dúas cuestións referidas ás axudas de Deputación da Coruña, por proposta de Rosa Moreiras en días previos á Asemblea.

A primeira ten que ver coa modalidade de axuda para reforzo de SNL, á cal poden acceder agora só as cidades. Rosa suxeriu que se lle pida á Deputación da Coruña que en vindeiras convocatorias se permita acceder a esta modalidade tamén a outros concellos, pois logo de teren a praza estabilizada algúns poden estar interesados en reforzaren o SNL.

Rosa tamén chamou a atención sobre un documento novo que hai que presentar na convocatoria deste ano (informe da Secretaría do Concello sobre a natureza do posto de traballo ou sobre a inclusión do posto no proceso de estabilización), pois pode ter repercusións en concellos que queiran crear novas prazas. Tras analizar un pouco o texto, parece que ten como obxectivo que non se prolonguen contratacións temporais en fraude de lei. No entanto, haberá que analizar como se resolve a convocatoria deste ano e, se é necesario, pedir que se aclare mellor este documento en vindeiras convocatorias.

2. Promoción da formación continua: o curso escollido foi o de **Fundamentos do márketing. O idioma como elemento diferenciador**. Actividade ben valorada polo alumnado (20 persoas) inda que se botou en falta máis concreción do curso cara á realidade dos SNL.

Nova colaboración nos **Encontros** para a normalización lingüística que este ano tiveron un formato mixto con entrevistas previas á sesión presencial que foron difundidas a través das redes sociais do Consello da Cultura Galega.

3. No apartado da transmisión de ideas e accións de fomento do galego, continuouse cunha nova edición do **LGx15**, este ano volvemos á sede inicial, a Sala Capitol, no formato orixinal coa intervención de nove persoas.

En canto a **Agasallo**, evolucionou cara a unha xestión máis sinxela e directa a través das redes sociais, o que permitiu que aumentase o número de publicacións (unha media de 20 mensuais). Tamén se continuou cos sorteos.

No referido aos **Premios Mil primaveras**, na cuarta edición presentáronse 35 proxectos, catorce máis que na anterior. Tamén se realizaron algunhas modificacións: redución de premios, suprimíronse categorías, o aumento dos anos vixencia dos proxectos e adiantouse o inicio do prazo de inscrición.

A presidenta tamén comentou a súa participación nunha xornada formativa dirixida a persoal técnico de normalización lingüística de Asturias, unha actividade interesante polo que supón de contacto coa situación na comunidade veciña.

Vótase o informe de xestión e apróbbase por unanimidade.

4. Exposición, debate e aprobación do informe de contas

Inma Seage expón o informe económico do período comprendido entre o 15 de febreiro de 2022 até o 15 de febreiro de 2023 ([Anexo 3](#)) .

A tesoureira indica que falta incorporar a subvención da Deputación de Pontevedra correspondente ao ano 2022, pedida para a organización dos Premios Mil primaveras.

Vótase a aprobación do informe e apróbbase por unanimidade.

5. Exposición, debate e aprobación do plan de acción para o próximo exercicio

A presidenta, Anxos Sobriño, presenta o plan de acción para o período interasamblear 2022-2023 ([Anexo 4](#)). A seguir ábrese un debate no que se matizan, comentan e aclaran algunhas das accións propostas.

Continuaremos a defender os intereses xerais das/dos traballadoras/es; realizar propostas de mellora da situación do traballo de NL; difundir o labor de NL e convocatorias e actividades de interese para traballadores/as de NL; como complemento do Manual de procesos selectivos para técnicos/as de normalización lingüística finalizar unha proposta de temario específico que inclúa exemplos de probas, especialmente das probas prácticas.

No apartado da formación hai tres propostas: 1. Obradoiro de planificación e avaliación a partir da educación social, 2. Obradoiro de xestión de iniciativas de normalización lingüística e 3. Curso de formación sobre o proceso de normalización: norma... que? servizo de que? A primeira proposta sería unha continuidade do obradoiro elaborado no ano 2021. A segunda proposta, un obradoiro sobre como xestionar unha iniciativa de normalización lingüística, algo práctico e concreto para desenvolver o traballo cotián de normalización da lingua. E a terceira proposta, presentada por Soco G., considerada como unha proposta de primeira necesidade pola falta de coñecemento que hai sobre o labor dos SNL. Logo de debatermos sobre o descoñecemento xeneralizado que hai do traballo dos SNL na universidade, na administración e na sociedade en xeral, coidamos que a terceira opción de proposta de formación sería a máis acaída -tamén daría a coñecer a nosa asociación e poderíamos aumentar o número de persoas socias e implicadas na normalización lingüística-. Acordamos crear un grupo de traballo para preparar esta formación.

En canto ás propostas para facer máis efectivo o traballo de NL seguirase na mesma liña que en anos anteriores con accións para unha mellor e maior implicación das administracións públicas no proceso de normalización.

No apartado de **Accións de fomento do galego** tratáronse os seguintes programas:

Premios Mil Primaveras, na actualidade está a traballar o xurado nas deliberacións da cuarta edición e abrirase unha nova convocatoria despois do verán.

Continuar co **Lgx15** pero tentar buscar algún patrocinio (px. Deleite).

Nova etapa do **Agasallo** con máis incidencia nas redes sociais. Recentemente recibimos unha proposta da asociación PuntoGal na que nos piden o compromiso de escoller cada mes produtos para facer sorteos cos que difundir os obxectivos do proxecto; a asociación encargárase dos sorteos e mais dos envíos.

Renovación do web da CTNL, a presidenta expón a necesidade de renovación da páxina web para facela máis atractiva, reorganizala e simplificala; para iso propón procurar fontes de financiamento para facer esta renovación e contar tamén coa opinión das persoas socias para saber que agardan da páxina. Esta colaboración sería a través dun formulario que procurará tamén unha maior implicación das persoas socias nas propostas da asociación.

A presidente informa das novas propostas organizativas para 2023-24:

A presidenta propón unha suba das cotas de socios/as que sería a primeira nos vinte e sete anos de existencia da asociación e suxire engadir un punto máis na orde do día que recolla esta proposta.

Ábrese a quenda de intervencións e Soco García fai as seguintes achegas:

Valora moi positivamente a elaboración dunha enquisa ás persoas asociadas e suxire que inclúa entre outras cousas: por que recomendarían alguén que se fixese socio/a (vantaxes de ser socio/a); por que participan ou non na vida da asociación: asemblea, cursos, boletín etc.; que agardan da CTNL; que contidos cren que deberían estar no web: formación, escritos, documentos...

Tamén engade que sería interesante e moi necesario que a asociación organizase algunha actividade lúdica, que coma as actividades formativas pode ser con cota de inscrición.

Considera importante enviar un recordatorio ás persoas asociadas da importancia de participar naquelas actividades que outras administracións organizan para nós, xa que se nós non asistimos deixarán de programalas. Puxo de exemplo un curso recentemente cancelado da Deputación da Coruña destinado a persoal traballador desta provincia. Se cadra, engade, a CTNL podería solicitar que estes cursos estivesen abertos a toda a Comunidade ou mesmo que se fixesen en colaboración con outras deputacións e abranguer así máis público potencial.

A presidenta indica que se pode suxerir ás deputacións que colaboren na formación dos/das TNL, dado o seu perfil específico.

En relación con isto, tamén chamou a atención sobre a importancia de sermos activos nas redes sociais da Ctrl para colaborar na difusión das nosas accións.

En canto á formación, Soco propón tamén estudar a posibilidade de organizar estadias noutras comunidades con lingua propia para coñecer o traballo que están a desenvolver a través dos seus servizos. A fórmula podería ser semellante aos programas que fai a Consellería de Educación coas linguas estranxeiras, en todo caso, a suxestión é propoñerlle á SXPL que as organice.

No que respecta aos cursos organizados pola propia Ctrl, Soco G. suxire que deberíamos cobrar máis polas formacións e que, cando menos, as cotas deberían cubrir todos os gastos e ademais, a xente que traballa na administración podería pedir axudas para cubrir a matrícula. Insiste en que deberíamos ser máis ambiciosos/as nas programacións e tamén nos horarios en que se desenvolvan estas (fixo referencia ao último curso programado).

No apartado de Accións de fomento do galego, Soco insistiu na necesidade de darlle máis visibilidade ao LGx15, que ben podería ter Instagram propio -hoxe dentro da conta da CTNL- pola importancia do proxecto; tamén suxeriu, como xa foi falado pola presidenta, tentar buscar máis patrocinadores e mesmo propuxo algúns nomes de empresas de Santiago ou o selo Galicia Calidade. En todo caso e en sabendo o traballo que levarían as súas propostas, anima a que desde a directiva se faga unha distribución do traballo coa implicación de máis persoas socias.

Despois da quenda de debate, vótase e apróbase por unanimidade o plan de acción para o vindeiro período coas modificacións propostas.

6. Presentación e aprobación da suba das cotas de socios/as (punto incluído na orde do día)

A presidenta proponlle á Asemblea a suba de cotas para os vindeiros anos argumentando que estas non sufriran ningún incremento desde a súa constitucións, hai vinte e sete anos.

A suba proposta é de 5 euros: a cota xeral anual pasa de 25 € a 30 € e a de persoas desempregadas e estudantes de 15 € a 20 €.

Vótase e apróbase por unanimidade.

7. Presentación e aprobación do orzamento para o vindeiro exercicio

A presidenta, Anxos Sobriño, presenta as previsións orzamentarias para o 2022 ([Anexo 5](#)), unhas previsións que continúan na mesma liña que as de anos anteriores.

Vótanse as previsións orzamentarias para o vindeiro exercicio e apróbanse por unanimidade.

8. Rolda aberta de intervencións

Non houbo intervencións neste punto.

Sen máis asuntos que tratar, a presidenta remata esta asemblea e agradece a participación. Eu, como secretaria, redacto a acta.

A secretaria

Visto e prace
A presidenta

Mónica Fernández Valencia

Anxos Sobriño Pérez

Anexos:

Anexo 1 :Acta anterior: [a-acta asemblea ordinaria 2022](#)

Anexo 2: Memoria de xestión: [informe-memoria xestion](#)

Anexo 3: Memoria económica:[a-presentacion informe economico](#)

Anexo 4: Liñas de acción: [proposta programa accion ctnl 2023-2024](#)

Anexo 5: Orzamento 2023: [previsions orzamentarias 2023](#)